

PASODOBRE

O pasodobre é unha marcha lixeira empregada antigamente nos desfiles militares para que a infantería poidese levar o paso ordinario: 120 pasos por minuto. O seu compás é de tipo binario (2/4 ou 4/4) e movemento moderado.



O baile do pasodobre foi introducido na primeira metade do século XVIII como conclusión dos entremeses e máis tarde como intermedio musical entre os actos das comedias. Inda que sen dúbida, se fixo popularmente coñecido a posteriori por ser a música que se interpretaba nas festas tradicionais ou nas corridas de touros.

